



DECRETO. Aprobación das Bases de participación nas Escolas de Verán 2019

Proposta efectuada pola Concellería de Educación, Xuventude e Saúde con data 8 de maio de 2019, pola que solicita aprobación das Bases de participación nas Escolas de Verán 2019, **RESOLVO**:

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

BASES CONVOCATORIA DAS ESCOLAS DE VERÁN 2019

A **Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde** do Concello de Sada, leva a cabo a promoción e organización de actividades socioeducativas destinadas á infancia e á mocidade no eido do lecer e o tempo libre. É consciente esta concellaría da importancia que ten facilitar canles polas que os nenos/as poidan participar neste tipo de actividades, e polo que este ano, igual que en anos anteriores, convócase a oferta de Escolas de Verán 2019.

O Concello de Sada pretende desta forma atender á demanda individual de ocio educativo, así como ás necesidades de conciliación das familias sadenses.

Artigo 1º.-Obxecto.

Co obxectivo de facilitarlle aos rapaces e rapazas a participación en actividades educativas e de tempo libre, o Concello de Sada, oferta as prazas para as actividades de Verán 2019.

As diferentes actividades que integran esta oferta levaranse a cabo nun centro de ensino do municipio atendendo aos diferentes grupos de idade durante o período que transcorre dende o 1 ao 26 de xullo.

A información sobre a convocatoria desta campaña de verán atoparase na páxina www.sada.gal

Ademais, os/as interesados/as poden solicitar información ou o folleto da convocatoria na Oficina Municipal da Xuventude, no teléfono 981620331, en horario de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 horas de luns a venres (a partir do 15 xuño só estará aberto pola mañá) ou no correo: omixsada@gmail.com

Artigo 2º.-Escolas de Verán: Grupos de idade, lugar de realización, prazas e quendas

Grupos de Idade:

Nenos e nenas nados/as entre 2015 e 2013 (ambos incluídos)

Nenos e nenas nados/as entre 2012 e 2007 (ambos incluídos)

Lugar de realización:

C.E.I.P. Pedro Barrié de la Maza – Mondego

Prazas e quendas

As Escolas de Verán ofertan quendas para nenos e nenas nados entre 2015 e 2007 (ambos incluídos) entre as seguintes opcións dispoñibles:

- 1ª Quenda: **1 xullo - 12 xullo**

- 2ª Quenda: **15 - 26 xullo** (excepto o 25 de xullo)

Reservaranse varias prazas por quenda para participantes derivados dos servizos sociais de atención primaria, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais. O número por quenda será establecido segundo as necesidades do servizo.

As actividades dentro do centro desenvolveranse de luns a venres de **09:00 a 14:00h** (excepto o día 25 de xullo). Este horario pode variar en función da utilización do servizo de transporte que tamén se oferta. A entrada ás instalacións estará habilitada dende as 08.45h.

Artigo 3º.-Servizos ofertados

Na oferta das Escolas de Verán 2019, os/as participantes disporán dos seguintes servizos:



- a) Un programa de actividades de carácter educativo, lúdico e convivencial, que posibilite a participación do/a rapaz/a. A temática das Escolas será multiactividade, adaptada aos diferentes grupos de idade, desenvolvendo así diferentes xornadas de carácter pre-deportivo, musical, artístico, incluíndo ximkanas, contacontos, obradoiros, etc.
- b) Transporte de ida e volta para os participantes que así o soliciten.
- c) O material necesario para a actividade.
- d) Un equipo técnico de persoal especializado en educación, animación deportiva e actividades de tempo libre.
- e) Seguro de responsabilidade civil e de accidentes para os participantes e atención sanitaria de primeiros auxilios.
- f) Servizo de **Madrugadores** en horario de 08:00 a 09:00 h. Debe existir un mínimo de **10** solicitudes por quenda. **Os participantes deben traer o almorzo da casa.**

Artigo 4º.-Prazo para formalizar a inscrición e pagamento da praza

Establécese un prazo único para formalizar a inscrición e o pagamento da praza para participar nas Escolas de Verán 2019 que será dende o luns **13 de maio** até o venres **31 de maio**.

Calquera inscrición e pagamento realizado fora deste prazo non será admitida e o/a interesado/a deberá solicitar a devolución do pagamento realizado ao departamento de Tesourería municipal presentando por rexistro a documentación requirida.

Artigo 5º.- Presentación das solicitudes.

- **Individual:** Cada participante poderá presentar unha única solicitude elixindo a 1ª quenda, a 2ª quenda ou ambas as dúas quendas.
- **Múltiple:** Os irmáns/ás que desexen asistir á/ás mesma/s quenda/as, solicitarán **praza múltiple** na mesma solicitude.
- As solicitudes en papel **deberán estar asinadas** polos pais/nais ou titores/as dos/as menores solicitantes, en caso contrario, **non serán aceptadas por considerarse incompletas.**

A presentación da solicitude poderá facerse:

a) Vía presencial:

Presentarase a solicitude de praza na Oficina da Xuventude.

Lembramos que o horario de atención ao público será de luns a venres de 09.00 a 14.00 e de 16.00 a 18.00 h.

O modelo de solicitude estará dispoñible na web municipal www.sada.gal (apartado Concellería de Educación, Xuventude e Saúde) ou na propia OMIX.

b) Vía online:

A través dun formulario na páxina web www.sada.gal. No mesmo formulario **poderase axuntar o xustificante de pagamento e documentos que acrediten descontos en formato arquivo** ou en todo caso se non fose posible, **envíalos escaneados ese mesmo día a omixsada@gmail.com**

Artigo 6º.-Adxudicación de prazas.

Contéplase a ADXUDICACIÓN DIRECTA para todos/as os/as participantes que realicen a inscrición e o pagamento dentro do prazo establecido (13 ao 31 de maio). **Non serán admitidas inscricións que non veñan acompañadas do correspondente xustificante de pagamento e os documentos que acrediten os descontos.**

Tanto na inscrición como no recibo de pagamento deberá figurar o nome e apelidos do/a participante e a quenda/as solicitada/as.

Ao longo do martes **4 de xuño** publicaranse na web www.sada.gal a listaxe de admitidos con praza.

Se unha vez obtida a praza, o/a solicitante desexa renunciar a ela, deberá comunicalo por escrito enviando un correo electrónico a omixsada@gmail.com no que aparezan os datos do/a solicitante e quenda na que obtivo praza e á que renuncia. Ao mesmo tempo deberá solicitar ao departamento de Tesourería Municipal a devolución da cuota realizada.

Artigo 7º.-Prezos e pagamento

Os prezos de aplicación para os/as participantes nas Escolas de Verán 2019 serán os que se establezan no informe de prezo público previa aprobación dos Servizos Económicos Municipais.

Poderán consultarse os prezos e descontos correspondentes no folleto informativo: “**ESCOLAS DE VERÁN. SADA 2019**” que estará dispoñible na web municipal e na OMIX de Sada.



C O N C E L L O
D E
S A D A
(A C O R U Ñ A)

O pagamento será na conta bancaria: **BBVA ES08-0182-5550-2200-0000-0142**

Será obrigatorio presentar o xustificante de pagamento na OMIX e os documentos que acrediten os descontos, se é o caso, ben sexa presencialmente, axunto no arquivo habilitado no formulario ou escaneado e por correo electrónico en omixsada@gmail.com, dentro dos prazos establecidos no artigo 5º.

Non serán admitidos xustificantes de pagamento nos que non esté especificado o nome do participante e quenda.

Artigo 8º. Funcionamento das Escolas.

- **Participantes que soliciten o servizo de “Madrugadores”:** accederán ás instalacións ás 08:00 h., sendo a saída ás 14.00 h. A entrada habilitada será a do portal polo que acceden os autobuses. Non existe servizo de bus á IDA pero sí poderá solicitarse o servizo na VOLTA.

- **Participantes que non desexen o servizo de bus:** poden acceder ás instalacións entre as 08.45 e 09.00, sendo a saída ás 14:00 h. A entrada habilitada será a do portal polo que acceden os autobuses.

- **Participantes que sí desexen o servizo de bus:** O transporte funcionará sempre e cando haxa un mínimo de 25 solicitudes para este servizo por quenda.

Servizo de Bus: O orden e horario das paradas do bus establecerase en función das inscricións recibidas sendo as paradas as que se detallan a continuación:

- Casa do Concello
- Fontan (casa dos mariñeiros)
- Carmoedo (casa Ramos)
- Veigue (parada bus)
- Meirás (parada bus)
- Mosteirón (colexio)
- Soñeiro (casa Carrasco)
- O Castro (Cerámicas)

Os horarios dos autobuses son orientativos, poden sufrir modificacións en función das paradas, da climatoloxía ou circunstancias imprevistas.

Os/as usuarios/as do servizo autobús que necesiten facer algunha modificación na parada solicitada, ou que nalgún momento non vaian usar o servizo, deberán avisar previamente ao responsable da actividade con tempo suficiente para realizar o cambio.

NOTA: A instalación do centro permanecerá pechada por seguridade unha vez que se sobrepare a hora de chegada estipulada.

Se por calquera motivo xustificable o/a participante necesitara facer a incorporación, ou a saída da actividade, fóra do horario establecido, deberá avisar previamente ao responsable da mesma, que será quen se encargará de levar a cabo dita labor da maneira menos perxudicial para o desenvolvemento das actividades programadas.

Artigo 9º.- Normas de comportamento

A organización da Escola, non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das actividades en repetidas ocasións (previas advertencias aos seus pais desta situación), pode ser susceptible de expulsión segundo acorde o equipo de educadores/as.

Artigo 10º.- Autorización de imaxes e protección de datos

Co fin de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), nas Escolas de Verán recolleranse experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc).

Aquelas nais, pais que non desexen autorizar a publicación de imaxes, deberán presentar o anexo II cando entreguen a documentación. O feito de non entregar este anexo II implica a autorización expresa dos pais, nais ou tutores/as para a publicación de fotografías nos medios que considere o Concello de Sada.

Os datos persoais derivados da inscrición nesta convocatoria serán tratados, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Poderá exercerse o dereito de acceso, rectificación e cancelación, nos termos establecidos na lexislación vixente.



C O N C E L L O
D E
S A D A
(A C O R U Ñ A)

Artigo 11º.- Aceptación das bases

O feito de presentar a solicitude para as Escolas de Verán 2019, implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se describen.

CONCELLERIA DE EDUCACION, XUVENTUDE E SAUDE

ASINADO POR Óscar Benito Portela Fernández (DATA: 09/05/2019 10:25:00), Emilio Seijo Frias (DATA: 09/05/2019 11:44:00)

Decreto Nº: 793/2019 - Data do decreto: 09/05/2019

Versión imprimible

CVD: JT0IYZFpbixQqxZHLL+ Verificable na Sede Electrónica do Organismo.